

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O RIBEIRO

GRUPO: 1º BACHARELATO

MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

DATA: 18 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: FLE

GRUPO: 1º BAC

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Non se modifican con respecto aos da programación para o curso 2019-2020, dado que mediante as actividades que se propoñen por correo electrónico durante o terceiro trimestre e os traballos, exames e as actividades de aula realizados durante as 2 primeiras avaliacións, son suficientes para acadar as competencias CCL, CAA, CCEC e CD.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos avaliación:

Empregaremos todos os datos recollidos no caderno do/a profesor/a ao longo das dúas primeiras avaliacións do curso (traballo diario na aula, observación directa, control das tarefas e as diferentes probas realizadas: proba de comprensión e expresión escrita formada por exercicios de gramática, exercicios de vocabulario, textos curtos de comprensión e textos curtos de expresión, proba de comprensión oral formada por exercicios curtos de comprensión oral e sobre temas traballados na aula e unha proba de expresión oral: lectura dramatizada individual de cada alumno e por parellas, diálogos en situacións cotiáns). Ademais, teremos en conta o esforzo e o traballo realizado polo alumnado nesta terceira avaliación de xeito telemático e a súa participación nas sesións semanais por videoconferencia, tendo valor únicamente positivo, e que permitirá un aumento na nota de entre 0 e 1 puntos.

Instrumentos avaliación:

- Tódolos datos recollidos no caderno do/a profesor/a ao longo das dúas primeiras avaliacións do curso así coma as notas acadadas polo alumnado nas mesmas e que figuran no XADE.
- Os traballos e actividades realizados telemáticamente ao longo do terceiro trimestre tanto mediante correo electrónico. Os devanditos traballos e actividades valoraranse globalmente unicamente de xeito positivo, podendo os/as alumnos/as incrementar a súa nota cun valor que oscilará entre 0 e 1 punto en base ao traballo realizado neste último trimestre e valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles.

Cualificación final :

A cualificación final da avaliación ordinaria de xuño terá en conta o seguinte:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: FLE

GRUPO: 1º BAC

- Para os que teñen superadas as dúas primeiras avaliacións, a nota final terá en conta as notas das dúas avaliacións incrementada ata un máximo de 1 punto segundo os traballos e actividades realizadas polo/a alumno/a durante o terceiro trimestre e en base ao grado de adquisición de competencias, xa explicados nos apartados anteriores.

Proba extraordinaria de setembro:

Os/as alumnos/as de 1º BAC que non acaden o 5 en xuño, deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro que consistirá nunha proba única de comprensión e expresión escrita que representará o 100% da cualificación. Dita proba versará basicamente sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións.

Alumnado de materia pendente

Non existen alumnos/as de 1º de BAC que teñan pendente o francés segunda lingua estranxeira de 4º ESO.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades:

As actividades levadas a cabo nesta terceira avaliación baséanse en afianzar os contidos dados nas dúas primeiras, poder empregar os correctamente para poder avanzar de cara ao próximo curso.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Todo o alumnado de 1ºBAC conta con ordenador e con conectividade a Internet, polo que o seguimento da materia faise por este medio. O profesor conta cunha dirección de correo electrónico de uso exclusivo docente a través do cal se envían materiais, actividades e tarefas para que o alumnado poda facer o seguimento da materia.

Materiais e recursos

Nesta terceira avaliación os materiais empregados son o libro *Scénario 2*, con tarefas que os alumnos realizan na casa para posteriormente enviar ao profesor para a súa corrección e, sobre todo, empregamos a gran variedade de recursos online dos que dispoñemos en linguas estranxeiras que permiten ao alumnado a realización de infinidade de exercicios online con autocorrección incluída. Son actividades que lles resultan amenas e que ao mesmo tempo lles axudan a afianzar os contidos estudados.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020
MATERIA: FLE
GRUPO: 1º BAC

O profesorado está continuamente en contacto co alumnado, a través de internet e do correo electrónico do/a profesor/a e da comunicación cos titores mediante grupos de whatsapp.

Cos devanditos recursos tramítase a información da materia FLE, explicacións, recursos, traballos e tarefas da mesma. Emprégase de cotío o servizo de whatsapp para resolver as dúbidas que lle xurde ao alumnado neste novo tempo de teletraballo, polo que o contacto é continuo.

A maiores, o/a profesor/a conta cunha dirección de correo electrónico de uso exclusivo para os docentes co que contan os/as alumnos/as se nalgún momento tiveran problemas de conexión ou se precisaran contactar co docente a través deste medio.

Mantense así mesmo o contacto directo cos titores de cada grupo, cuxo papel é fundamental á hora de coñecer a problemática de cada alumno/a nesta terceira avaliación e aos que recorreremos cando queremos resolver calquera problema de comunicación que poda xurdir co alumnado.

Publicidade:

Esta modificación xunto coa programación orixinal están publicadas na web do centro